



Bicos para Os Palleiros

JAVIER GEBVERA MERCADILLO

CONTUDOISTO



23. Reportaxe

Na escola infantil PSN Bicos organizaron unha campaña para conseguir doazóns para a protectora Os Palleiros e despois recibiron avista dos seus canciños!



4-5. Álbum

Se algo está claro é que os rapaces de Pontevedra non teñen nin un minuto libre para aburrirse, xa que hai unha morea de actividades pensadas para eles.



6-7. Pasa tempos

Atoparás os sete aparellos electrónicos na sopa de letras? E as cinco diferenzas entre as imaxes? Ademais, continúa aprendendo a xogar ao xadrez!



7. Axenda

Coa chegada da Semana Santa teredes moito tempo libre para facer o que queirades. Botade un ollo á nosa axenda que seguro que hai algo interesante.



8. Tesouros para gardar

Concede aos cativos de 4ºB de Educación Infantil do CEIP A Xunqueira II e descobre as obras de arte que temos esta semana para mostrarl!



Cans que precisan moitos mimos

OS cativos da escola infantil SPN Bicos fixeron unha colecta para colaborar coa protectora Os Palleiros e o día da entrega tiveron a oportunidade de coñecer algún dos animais, pois foron facerlles unha visita e non pararon de aloumiñalos e abrazalos. Ata querían levalos a casa!

Lucía D. Bóveda

Fotos de Javier Cervara-Mercadillo

Hai moitos canciños no mundo que non teñen familia e precisan de alguén que lles dea mimos, moito cariño e se encargue de coidalos e proporcionarlles un fogar no que vivir e sentirse queridos. Sen ir máis lonxe, en Pontevedra a protectora Os Palleiros ten nestes momentos nas súas instalacións máis de 150 cans que están na procura de todo o amor do mundo e dunha casa na que vivir.

Cada persoa que entra polas instalacións desta protectora, ou ve as fotografías no xornal ou nas redes sociais dos chamamentos en busca da solidariedade das persoas como o que fixeron esta semana, non pode evitar namorarse das súas cariñas, dos seus grandes ollos e das súas ganas de darlles amor a todos os que se achegan a eles e queren aloumiñalos. Iso foi o que pasou coa escola infantil PSN Bicos de Pontevedra, que non dubidou nin un segun-

do en achegar o seu gran de area ao gran labor que fan dende esta protectora pontevedresa, coíndando e buscándolles fogar a tantos canciños adorables. Así, o pasado 27 de marzo decidiron lanzar unha campaña na que solicitaban a axuda de todos os que puideran colaborar con eles entregándolles penso para cachorriños, produtos de limpeza e desinfección, deterxente para lavadora e colares ou arneses de talla mediana, pois eses son os produtos dos que máis escasos están na protectora na actualidade e dos que máis falla teñen case sempre.

Non hai que esquecer que as protectoras non son empresas, non cobran polo traballo que fan e todo o que necesitan para coídar aos canciños vén de doazóns, dos seus socios e mediante mercadillos e outros eventos que organizan ao longo do ano. Incluso hai a opción de apadriñar a un dos animais sen levalos a casa pero facéndose cargo das súas necesidades en Os Palleiros.

Ao longo da semana que durou a campaña recibiron unha morea de obxectos, e non só chegados de Pontevedra e da comarca, senón que conseguiron traspasar fronteiras e recibiron un grandísimo paquete dun lugar a moitos quilómetros de distancia: Madrid! Trala recollida, este xoves reci-

birón a visita de voluntarios de Os Palleiros, que acudiron a recoller todas as doazóns e darlles as grazas en persoa. Mais non o fixeron sós, senón que foron moi ben acompañados por un grupiño de cans que, como non podía ser doutra maneira, namoraron a todos os cativos da escola e aos seus profesores. Eran tan boñiños

que todos querían xogar con eles -aínda que algún dos pequenos tivo dúbidas ao principio e non se atrevía a achegarse-, darlles todos os agarimos do mundo, tiróns de orellas, caricias... Algúns incluso preguntaron se os podían levar a vivir con eles a casa!

Aínda que non fora posible nese intre, a verdade é que todos os cans, pequenos e maiores, que viven nunha protectora están aí xustamente para iso, procurando unha familia que queira facer deles un membro máis da mesma. Iso si, aínda que nas películas moitas veces parece algo moi simple, chegar á protectora, ver un can do que te namoras a primeira vista cando te mira fixamente con eses ollos grandes e brillantes e levalo a casa, a realidade é que o proceso vai máis alá.

A familia terá que responder a moitas preguntas. Pero tranquilos, non é un interrogatorio, senón que é para coñecervos mellor e asegurarse de que ides darlle a mellor vida posible ao canciño que remate vivindo na vosa casa. Non é porque non se fien de vós, senón que os voluntarios e traballadores das protectoras teñen moito cariño e coñecen ben aos

Oscanciños máis maiores



Seguro que ao pensar nun can para xogar con el os primeiros que veñen á túa cabeza son os cachorriños pequenos. Mais os máis maiores tamén poden ser unha gran compañía que van darlle moito amor e cariño. De feito, dende Os Palleiros queren facer fincapé na adopción dos que eles chaman «avós», pois merecen igual que o resto pasar a súa vida nunha familia que os trate con respecto e que os queira mucho.



animais, e buscan para eles o mellor do mellor!

A importancia de adoptar

O máis importante que tedes que ter claro antes de pedir un can é que non pode ser un capricho. Coidar dun animal é unha gran responsabilidade e pode significar certos sacrificios. Tal vez algún día non vos apeteza saír á rúa a dar unha volta con el porque vai frío ou está chovendo, mais teredes que facer un esforzo. Ademais, hai que bañalo, darlle de comer, levalo ao veterinario, coidalo... Iso si, tamén xogar e darlle unha morea de mimos cada día, aínda que niso seguro que non teredes problema algún!

De feito, os cans que están nos albergues ou nas protectoras atópanse alí porque os seus donos non foron responsables e quixeron desfacerse deles. Por iso é importante adoptar en vez de mercar un can, porque todos os que se atopan nestes lugares merecen unha segunda oportunidade de ser felices e formar parte dunha familia, tanto os cachorriños como os máis maiores!

Unha vez que xa tedes o can na casa con vós, é importante que non os esquezades del e que sigades dándolle cariño e coidándoos sempre. Se o fas, seguro que será como o teu mellor amigo ou incluso un irmán, que estará sempre ao teu carón e nunca deixará de quererte.

